



E.T.S. Enxeñaría de Minas

PROCEDIMENTO PARA O DESENVOLVEMENTO DAS PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS EXTRACURRICULARES

Universidade de Vigo



Centro certificado
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924
[http://etseminas.uvigo.es/
xnaxm@uvigo.es](http://etseminas.uvigo.es/xnaxm@uvigo.es)



CONTIDO

PREÁMBULO	3
OBXECTIVO	3
NORMATIVA DE APLICACIÓN	4
Normativa xeral	4
Normativa específica da Universidade de Vigo	4
AXENTES	5
Vicerreitorías	5
Coordinación de PAEEs	5
XESTIÓN DAS PAEEs	6
Requisitos do alumnado	6
Duración	6
Validación das PAEEs	7
Avaliación das PAEEs	7
Documentos oficiais relacionados cos procesos de xestión involucrados	8
DISPOSICIÓN ADICIONAL	8
DISPOSICIÓN DERRADEIRA	8
ANEXOS	9
ANEXO I: Guía para a realización do informe de prácticas de empresa	10
ANEXO II: Formato do póster a entregar xunto ca memoria de prácticas de empresa	12



Centro certificado
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924
[http://etseminas.uvigo.es/
xnaxm@uvigo.es](http://etseminas.uvigo.es/xnaxm@uvigo.es)



PREÁMBULO

Na nova ordenación dos estudos universitarios, consecuencia do [Real Decreto 1393/2007](#) de 29 de Outubro, modificado polo [Real Decreto 861/2010](#) de 2 de xullo, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias, as prácticas externas tomaron unha nova dimensión ao xeneralizarse a súa inclusión nos plans de estudo das novas titulacións de grao e mestrado.

Por outra banda, o Estatuto do estudante universitario, aprobado polo Real Decreto 1791/2010, do 30 de decembro, recoñece o dereito do estudantado de grao a “dispoñer da posibilidade de realización de prácticas, curriculares ou extracurriculares, que poderán realizarse en entidades externas e nos centros, estruturas ou servizos da Universidade, segundo a modalidade prevista e garantindo que sirvan á súa finalidade formativa”.

Na Universidade de Vigo xeneralizouse a inclusión de prácticas externas nas súas titulacións. Foi necesario, polo tanto, o desenvolvemento dunha normativa específica, plasmada no “Regulamento de prácticas académicas externas do alumnado da Universidade de Vigo” (aprobado no Consello de Goberno 24/05/2012). Dito regulamento “pretende ofrecer un marco básico e flexible polo que se rexan as prácticas externas do estudantado da Universidade de Vigo, coa definición dos requisitos xerais que deben cumprir as devanditas prácticas, garantir o seu carácter formativo, a posibilidade do acceso e tutela axeitada nelas do estudantado, e establecer os procesos de xestión necesarios no marco da organización académica xeral dos estudos”.

OBXECTIVO

O presente procedemento ten por obxecto posibilitar cumprimento do Regulamento de Prácticas Académicas Externas Extracurriculares (PAEEs) do alumnado das titulacións oficiais axustadas ao RD 1393/2007, modificadas polo RD 861/2010, adscritas á [Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas](#) da Universidade de Vigo. Estas son, o *Grao en Enxeñaría da Enerxía* ([BOE-A-2013-329](http://www.boe.es/boe/dias/2013/01/11/pdfs/BOE-A-2013-329.pdf) do venres 11 de xaneiro de 2013) e o *Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos* ([BOE-A-2013-330](#) do venres 11 de xaneiro de 2013). En termos xerais, as prácticas externas poden adoptar dúas modalidades:

- Prácticas externas curriculares*, que se configuran como actividades académicas integradas como materias dun plan de estudos con carácter obrigatorio ou optativo.
- Prácticas externas extracurriculares*, que se realizan con carácter voluntario durante o período de formación e que, aínda tendo os mesmos fins que as prácticas curriculares, non forman parte do correspondente plano de estudos.

Nas titulacións de grao adscritas á ETSEM as prácticas externas son de carácter extracurricular.



Centro certificado
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924
[http://etseminas.uvigo.es/
xnaxm@uvigo.es](http://etseminas.uvigo.es/xnaxm@uvigo.es)



NORMATIVA DE APLICACIÓN

Normativa xeral

- [Real Decreto 1791/2010](#), do 30 de decembro, no que se aproba o Estatuto do estudante universitario no que se recoñece o dereito do estudantado de grao a “dispoñer da posibilidade de realización de prácticas, curriculares ou extracurriculares”.
- No caso do grao de Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos a Orden [CIN/306/2009](#), de 9 de Febreiro, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de Enxeñeiro Técnico de Minas.

Normativa específica da Universidade de Vigo

- [Regulamento de prácticas académicas externas do alumnado da Universidade de Vigo](#) (aprobado no Consello de Goberno 24/05/2012).
- [Resolución Reitoral do 21/02/2013](#) pola que se fai pública a “Instrución que establece o procedemento para o desenvolvemento das prácticas académicas externas extracurriculares da Universidade de Vigo”
- As Memorias Verificadas das titulacións afectadas pola presente normativa. Véxanse apartados de DESCRICIÓN DO TÍTULO de cada grao na páxina web do centro:

<http://webs.uvigo.es/etseminas/>



Centro certificado
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924
[http://etseminas.uvigo.es/
xnaxm@uvigo.es](http://etseminas.uvigo.es/xnaxm@uvigo.es)



AXENTES

As prácticas poderán realizarse en empresas/entidades externas no ámbito nacional ou internacional, e nos centros, estruturas ou servizos da Universidade garantindo que sirvan a súa finalidade formativa segundo o estatuto do estudante universitario (RD 1791/2010).

Vicerreitorías

- [Vicerreitoría de Transferencia de Coñecemento](#): Punto de referencia na Universidade de Vigo para comprobar se o convenio xa está asinado coa empresa/entidade externa.
- [Vicerreitoría de Relacións Internacionais](#): Asesorará ao centro en materia de prácticas no estranxeiro. Encárgase da xestión das convocatorias de bolsas correspondentes aos programas internacionais de prácticas, e coordinarase co centro para facilitar a xestión das prácticas asociadas a ditas bolsas.

Coordinación de PAEEs

O *coordinador* das PAEEs será nomeado pola dirección da ETSEM. Encargarase da coordinación das prácticas académicas extracurriculares, dos dous graos que se imparten na ETSEM.

O coordinador de PAEEs da ETSEM coordinarase coa Fundación Universidade de Vigo (FUVI) para o nomeamento de *titores/as académicos/as* para a realización de prácticas extracurriculares.

A titorización académica deberá exercela profesorado da Universidade pertencente a mesma rama de coñecemento da titulación á que estea dirixida a práctica e que se imparta na ETSEM. A [Resolución Reitoral do 24/07/2013](#) fai pública a “Instrución sobre o nomeamento de titores de prácticas académicas externas extracurriculares”.

A FUVI, dirixirase directamente ao coordinador de prácticas da ETSEM solicitando a asignación dun titor/a para cada práctica extracurricular que se estea tramitando. Nos tres días seguintes o coordinador deberá comunicarlle á FUVI o nome do titor asignado. De non recibir resposta no prazo establecido, entenderase que o coordinador de prácticas da ETSEM é a todos os efectos titor da mesma.



Centro certificado
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924
[http://etseminas.uvigo.es/
xnaxm@uvigo.es](http://etseminas.uvigo.es/xnaxm@uvigo.es)



XESTIÓN DAS PAEEs

A tramitación e xestión das prácticas extracurriculares realízase pola Fundación Universidade de Vigo (FUVI), segundo convenio asinado para tal efecto entre esta e a Universidade de Vigo.

A Vicerreitoría con competencias en relacións internacionais poderá tramitar e xestionar prácticas extracurriculares no estranxeiro, así como promover os convenios de cooperación educativa correspondentes.

Previamente á xestión da práctica, é necesario o establecemento dun convenio de cooperación educativa para a realización de prácticas externas asinado entre a Universidade de Vigo e as empresas/entidades colaboradoras.

A FUVI realizará convocatorias públicas nas que se indicarán as ofertas de prácticas realizadas polas entidades colaboradoras.

A preselección do estudiantado en prácticas será realizada pola FUVI.

No caso de existir máis solicitantes de prácticas que prazas ofertadas, terán prioridade aqueles alumnos ou alumnas que non tiveran realizado prácticas externas anteriormente.

A selección final do/a candidato/a elixido para a realización da práctica corresponderalle á entidade colaboradora.

O alumnado poderá promover a súa propia práctica nunha empresa ou entidade. Nese caso non a lugar a un proceso de selección.

Requisitos do alumnado

Para poder realizar as PAEEs, o estudiantado deberá cumprir os seguintes requisitos:

- a) Estar matriculado na Universidade de Vigo nas ensinanzas para as que se ofertan as prácticas extracurriculares.
- b) Ter superado 50% dos créditos necesarios para obter a titulación.

Poderán así mesmo realizar prácticas extracurriculares aqueles/as estudantes que estean realizando o traballo fin de grao.

Duración

A duración máxima será de seis meses por curso académico e poderán realizarse ao longo de todo o ano. No caso de prácticas extracurriculares ao abeiro de programas internacionais, atenderase ao disposto na convocatoria correspondente.

No caso de que o/a estudante só teña pendente o TFG permitirase unha ampliación da práctica outros 6 meses, sempre e cando o TFG estea vinculado á realización da mesma.



Centro certificado
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924
[http://etseminas.uvigo.es/
xnaxm@uvigo.es](http://etseminas.uvigo.es/xnaxm@uvigo.es)



A xornada diaria aconsellable será de 5 horas.

Validación das PAEEs

A validación das prácticas externas extracurriculares nos Graos que se imparten na ETSEM farase en bloques de 6 ECTS ata un máximo de 12 ECTS. O primeiro bloque esixirá un mínimo de 150 horas presenciais de traballo na empresa; e o segundo acadarase si se chega ás 240 horas totais na mesma empresa. Estes créditos detraeráanse do cómputo de créditos optativos a cursar polo alumno/a.

Cando concorran prácticas en empresa e a realización do TFG, o recoñecemento en créditos asociado ás prácticas calcularase tras restar ao número total de horas invertido na empresa o número de horas que resulten efectivas para o TFG.

Avaliación das PAEEs

Ao remate da actividade, o alumnado deberá entregar unha memoria explicativa das actividades realizadas durante as prácticas, especificando a súa duración, as unidades ou departamentos da empresa nas que se realizaron, a formación recibida (cursos, programas informáticos, etc.), o nivel de integración dentro da empresa e as relacións co persoal da mesma.

A memoria debe incluír tamén un apartado de conclusións, que conterá unha reflexión sobre a adecuación das ensinanzas recibidas durante a carreira para o desempeño da práctica (aspectos positivos e negativos máis significativos relacionados co desenvolvemento das prácticas). Valorarase, ademais, a inclusión de información sobre a experiencia profesional e persoal obtida coas prácticas (valoración persoal do aprendizaxe conseguido no tempo das prácticas, e suxestións ou achegas propias sobre a estrutura e funcionamento da empresa visitada).

A memoria poderá redactarse en calquera dos idiomas oficiais da Universidade, ou en inglés por ser idioma universal no ámbito. Aínda que non se solicita unha estrutura única para a realización da memoria, no anexo I propóñense unhas pautas a seguir. Ademais, o alumno/a tamén deberá entregar en formato papel e electrónico un póster seguindo modelo que figura no anexo II.

O titor da empresa entregará un informe valorando aspectos relacionados coas prácticas realizadas polo alumno: puntualidade, asistencia, responsabilidade, capacidade de traballo en equipo e integración na empresa, calidade do traballo realizado, etc.

Despois de valorar toda a información achegada, o titor académico entregará ao coordinador de prácticas un informe razoado. En función deste, o coordinador de prácticas en empresas cualificara a actividade como **APTA** ou **NON APTA** para o seu recoñecemento académico no caso de ser requirido polo alumnado.



Centro certificado
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924
[http://etseminas.uvigo.es/
xnaxm@uvigo.es](http://etseminas.uvigo.es/xnaxm@uvigo.es)



Documentos oficiais relacionados cos procesos de xestión involucrados

O “Regulamento de Prácticas Académicas Externas do Alumnado da Universidade de Vigo” e as Resolucións reitorais subseguintes que establecen os procedementos para o desenvolvemento desta actividade, incorporan uns textos/modelos/formularios xenéricos para todos os trámites administrativos que haxa que acometer nas diferentes etapas do proceso: tutor/a académico/a e certificado acreditativo da realización de prácticas académicas externas (non todos aplicables ás PAEEs), todos eles dispoñibles na páxina web da [Vicerreitoría de Transferencia de Coñecemento](#).

DISPOSICIÓN ADICIONAL

A resolución de tódolos problemas e asuntos relacionados cas PAEEs corresponderá en primeira instancia á Comisión Permanente da ETSE de Minas.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

O presente regulamento entrará en vigor despois de ser aprobado polos órganos de goberno da ETSE de Minas.



Centro certificado
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924
<http://etseminas.uvigo.es/>
xnaxm@uvigo.es



ANEXOS

Guía para a realización do informe de prácticas de empresa.

Formato do póster a entregar xunto co informe de prácticas de empresa.



ANEXO I: Guía para a realización do informe de prácticas de empresa

A gran variedade de tipos de informes e, en xeral, de tipos de traballos e das súas diferentes finalidades, non permiten establecer unha estrutura única. Para cada traballo elixírase a estrutura que se considere máis axeitada para a fin prevista. Porén, na táboa 1 establécense unhas orientacións xerais que poden servir de guía. Un capítulo determinado pode non ter cabida nun traballo concreto, polo que non se debe forzar a súa inclusión. En ocasións, pódese refundir o contido de máis dun capítulo para facer una presentación máis coherente. Pola contra, tampouco é aconsellable alongarse demasiado do esquema proposto.

1.- Normas para a redacción e presentación do informe

O informe presentarase en formado papel ou dixital empregando un procesador de texto de uso habitual (word, mac...), en tamaño DIN A-4 e se entrega unha copia en papel deberá imprimirse a dobre cara.

A extensión do traballo será de 10 páxinas como mínimo, adicando un mínimo do 50% ao epígrafe 4 (“*Descrición do traballo realizado*”). Aínda que a presentación é libre, debe ser coidada e coherente no seu formato en todos os apartados e subapartados.

A folla de cuberta de cada documento non irá numerada e debe incluír:

- Referencia á escola.
- Grao e intensificación/mención.
- Título do informe. □ Nome do alumno.
- Empresa.
- Profesor/titor.
- Datas de realización das prácticas.

2.- Contido do informe

O informe constará dun documento principal e, circunstancialmente, de documentos anexos:

- *Documento principal*: trátase da memoria xeral que recolle a actividade realizada durante a estadía na empresa. No documento principal pódense intercalar as fotografías, planos, bosqueños, esquemas, mapas, etc. considerados oportunos.
- *Documentos anexos*: incluíranse todos os documentos polas súas características non resultan imprescindibles para describir a estadía na empresa pero aportan información complementaria (planos, bosqueños, fotografías, táboas etc.).

O esquema xeral deberá incluír os seguintes apartados:



Centro certificado
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924
[http://etseminas.uvigo.es/
xnaxm@uvigo.es](http://etseminas.uvigo.es/xnaxm@uvigo.es)



PARTE	CONTIDO
1. ÍNDICE	Debe recoller os documentos dos que consta o informe. Deben figurar os capítulos e subcapítulos desenvolvidos. Deben estar debidamente paxinados.
2. SÍNTESE DO PROXECTO	Neste capítulo debe facerse un resumo do traballo. O seu propósito é ofrecer unha panorámica xeral do traballo desenvolvido.
3. DESCRICIÓN DA EMPRESA	Debe facerse unha breve descrición das instalacións e un organigrama esquemático da empresa que oriente sobre a localización do servizo en que se encontra o alumno. Síntese explicativa do traballo que se realiza no departamento ou división da empresa onde o alumno realizou as súas prácticas.
4. DESCRICIÓN DO TRABALLO REALIZADO	OBXECTIVOS: neste apartado deben recollerse os obxectivos que se perseguen nas prácticas. DEFINICIÓN DO TEMA E ANTECEDENTES: debe describirse o tema abordado e precisarse o seu significado e interese. Deben definirse as bases de partida previas en que se apoia o autor para realizar o traballo. TRABALLOS DESENVOLVIDOS: descrición das tarefas ou procesos en que participase o alumno durante a súa estancia e dedicación temporal a cada un deles. RESULTADOS OBTIDOS: deben describirse os resultados acadados tras realizar os traballos encomendados.
5. CONCLUSIÓN	Deben recollerse as conclusións ás que se chega coa realización do traballo na empresa.



Centro certificado
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924
[http://etseminas.uvigo.es/
xnaxm@uvigo.es](http://etseminas.uvigo.es/xnaxm@uvigo.es)



ANEXO II: Formato do póster a entregar xunto ca memoria de prácticas de empresa



Grao en Enxeñaría da Enerxía
Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos

Universidade de Vigo | Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas

ALUMNO: XXXXXXXX

TITULACIÓN: XXXXXXXX

EMPRESA: XXXXXXXXXX

PERÍODO: XXXXXXXX



RESUMO: deberá incluírse con este tamaño de letra un breve resumo da práctica externa e chegarase unha panorámica xeral do traballo desenvolvido así como os resultados máis relevantes obtidos. O resumo non poderá conter máis de 75 palabras. Deberase respectar o tamaño e tipo de letra de todos os apartados incluídos neste exemplo así como o seu fondo. Procurarase respectar tamén a posición deste apartado así como o de ALUMNO, EMPRESA e PERÍODO. Todo o texto deberá estar en GALEGO.

Este espazo, a metade inferior da páxina, é de texto libre. O autor pode incluír o que considere oportuno da práctica externa, como por exemplo descrición da empresa, resultados obtidos, etc. Como recomendación, debería conter un 50 % de texto e un 50 % de gráficas, fotografías, esquemas ou calquera outro recurso gráfico que aclare o contido do traballo desenvolvido e conclusións. Presentarase en formato PowerPoint e Adobe.



Procurarase que o resultado sexa clarificador sobre o contido da práctica externa e de fácil lectura. A única restrición sería respectar o tamaño, a cor e o tipo de letra. Respectarase tamén o formato de letra grossa segundo este exemplo. A calidade gráfica do documento final deberá ser equivalente ao resultado aquí presentado.